



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE OURENSE E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS DE CENTROS PÚBLICOS DE OURENSE PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES EDUCATIVAS EXTRAESCOLARES NOS COLEXIOS DE ENSINO PÚBLICO DE PRIMARIA E INFANTIL DO CONCELLO DE OURENSE CON DELEGACIÓN DE SERVIZOS NA FAPA.

O presente documento formalízase coa consideración de documento administrativo público para os efectos do previsto no artigo 26 da Lei 29/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinado polas partes mediante sinatura electrónica ao amparo do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Gonzalo Pérez Jácome, Alcalde-Presidente do Concello de Ourense designado na sesión do Pleno da Corporación do día 15 de xuño de 2019, que actúa no nome e na representación da citada institución segundo as competencias que lle outorga o artigo 124 da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 57/03, de 16 de decembro e con enderezo social en Praza Maior, 1; 32005 Ourense e CIF P-3205500 F.

Doutra parte, D. José Antonio Álvarez Caride, Presidente da Federación Provincial de Asociacións de nais e pais de alumnos de centros públicos de Ourense (en adiante FAPA), co CIF G 32009037 e domicilio na rúa doutor Fleming 43, soto nomeada por acordo da Asemblea Xeral de data 17 de xullo de 2014 segundo o artigo 15 dos seus Estatutos, en representación da citada Federación Provincial.

O oficial maior do Concello de Ourense, D. Carlos Javier Fernández Fernández, quen fai constar, dado que non existe unidade de acto ao realizarse a sinatura do documento por medios electrónicos, que a función de fe pública como titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local limítase a comprobar a identidade dos intervincentes, así como a verificar a validez das sinaturas electrónicas incorporadas ao presente documento, que os certificados dos asinantes non foron revogados e que non houbo modificacións no documento. En particular, para os efectos de verificar a identidade e validez da sinatura efectuada polo representante da FAPA, incorpórase ao expediente administrativo electrónico municipal con núm. 2018019296 o xustificante de validación emitido pola plataforma [valide](https://valide.redsara.es/valide/validarFirma/executar.html) obtido na ligazón <https://valide.redsara.es/valide/validarFirma/executar.html>, polo cal se verifica tanto a validez do certificado como da sinatura electrónica avanzada.

Ambas partes recoñécense plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación educativa e

MANIFESTAN

A Lei 40/2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas estipula nos seus artigos 47 e 48 que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con persoas tanto de dereito público como privado.

Que a Lei 5/2014, do 27 de maio, da Xunta de Galicia de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 17 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración local estipula que as competencias en materia de educación que deba asumir a Administración da Comunidade Autónoma continuarán sendo prestadas polos



municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso pola normativa básica.

Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LGS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo ou á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais que se establecesen, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública.

Que o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estipula no seu artigo 2.1.e. faculta ás Asociacións de Pais e Nais e ás súas Federacións, a colaborar coa administración na xestión e organización do servizo de comedores.

Que segundo o artigo 1.2 do devandito decreto por servizo de comedor entenderase os servizos de xantar e a atención ós usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior, nos que se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

Que os servizos e programas educativos extraescolares resultan indispensables na ensinanza pública como apoio á conciliación da vida laboral e familiar e para a adquisición e o fomento de bos hábitos infantís.

O Concello, como administración máis próxima a cidadanía, é coñecedor das necesidades en materia de recursos para a atención do alumnado e das carencias que ten os recursos de atención ós escolares, polo que considera preciso o establecemento de liñas de colaboración entre o Concello de Ourense e a FAPA, coa finalidade de coordinar as actividades tendentes á mellora da oferta en materia educativa.

Que dita colaboración é acorde cos fins das Asociacións de Pais/Nais de Alumnos/as e as súas federacións que recolle a Orde do 16 de xaneiro de 1987. Neste senso a FAPA de Ourense configúrase como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades educativas para a consecución dos obxectivos que persigue segundo os seus estatutos.

Que a FAPA de Ourense leva a cabo nos centros de ensino público do Concello de Ourense unha labor que comprende tanto a realización de actividades de formación como a xestión de servizos extraescolares como son comedores escolares ou a acollida temperá, coa finalidade de conseguir a conciliación dos horarios laborais e escolares.

Que a FAPA de Ourense, financiase a través das aportacións das ANPAs federadas e das subvencións da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, sen que o conxunto das achegas sinaladas chegue o cen por cen do custo dos programa e servizos xestionados.

Que a vista do anterior o Concello de Ourense, considera conveniente subvencionar a realización dos programas e servizos que ven realizando a FAPA como actividades extraescolares á educación.



Que a necesaria colaboración que se debe prestar entre as administracións, entidades e asociacións sen ánimo de lucro do ámbito educativo, aconsella a conveniencia de xuntar esforzos para manter nos centros de ensino público programas, actividades e servizos extraescolares tales como programa "acollida temperá", comedores escolares, actividades de adquisición de hábitos e habilidades socio - saudables que melloran as condicións de vida e formación dos/as alumnos/as dos centros de ensino público de Infantil e Primaria do Concello de Ourense.

Polo manifestado, as partes que interveñen, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir o presente Convenio de Colaboración para o apoio a FAPA na xestión e mantemento das actividades educativas extraescolares de acollida temperá e comedores escolares xestionados por dita FAPA e que comprende tamén actividades de adquisición de hábitos e habilidades socio-saudables, sanitarias, ludicodidácticas, ... destinadas ao alumnado dos centros infantil e primaria do ensino público no Concello de Ourense.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre o Concello de Ourense e a FAPA para apoiar, economicamente, o mantemento que ocasionan os servizos extraescolares de acollida temperá e comedores escolares xestionados pola FAPA nos centros públicos de Infantil e Primaria e que respondan ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar e de formación complementaria do alumnado na adquisición de hábitos e habilidades sociosaudables.

SEGUNDA.- Accións

A FAPA xestionará os servizos educativos de acollida temperá (con e sen desaiuno) e comedores escolares do alumnado dos centros de Infantil e Primaria do ensino público no Concello de Ourense cuxa xestión estea delegada na FAPA. Entendendo que os servizos de acollida (de 7'30h a 9 h/10h.) e de xantar (14 h. a 16 h) comprende tamén a atención os usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior, nos que se fomentarán programas de:

Promoción da saúde: lavado das mans antes de comer, hixiene dental despois de comer.

Hábitos alimentarios sanos mediante consumo consciente de produtos naturais, de temporada e de proximidade, conseguindo así verduras frescas, froita fresca, ...

Habilidades persoais: educación en valores, resolución de conflitos, habilidades sociais, técnicas de estudo e outras actividades lúdicoeducativas a traballar en horario de comedor/acollida e postcomedor.

Formación continua dos/as monitores/as.

Publicación de manuais relativos ao funcionamento e hábitos dos servizos.

TERCEIRA.- Destinatarios.

Serán beneficiarios das actividades e servizos educativos extraescolares obxecto deste convenio, os escolares dos centros de ensino público de Infantil e Primaria do Concello de Ourense cuxa xestión estea delegada na FAPA.

CUARTA.- Período de execución.

Os programas de actividades educativas extraescolares terán un período de execución de 1 de decembro de 2018 a 31 de outubro de 2019

QUINTA.- Uso de instalacións e material.



FAPA será a encargada de solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o uso das instalacións e materiais dos centros Educativos Públicos para o desenvolvemento dos servizos obxecto deste convenio.

SEXTA. Obrigas

A FAPA responsabilizarase de informar a todos os destinatarios dos programas e actividades obxecto deste convenio e da apertura do período de inscricións para participar no mesmo. Ditos usuarios deberán, obrigatoriamente, ter cumprimentada a solicitude para ditos servizos dos que pretenden ser beneficiarios.

A FAPA será responsable da recepción e control dos escolares participantes, da apertura e peche dos locais onde se desenvolven as distintas actividades e servizos extraescolares, así como de deixar os espazos utilizados nas mesmas condicións de como os atoparon.

A FAPA deberá, por si ou por medio dos terceiros que presten estes servizos, levar a cabo as accións necesarias para a contratación e formación continua dos monitores que deberán ter un perfil profesional axeitado as actividades a desenvolver.

A FAPA fará constar a colaboración prestada polo Concello coa inclusión das sinais identificativas na indumentaria do persoal, e en todos os demais documentos utilizados para o desenvolvemento das actividades vinculadas, considerándose tales inclusións identificativas como un gasto máis xustificable no presente convenio.

A FAPA comprométese a colaborar na difusión dos programas, accións formativas e divulgativas que se realicen polo Concello de Ourense, relativos ós servizos contemplados no presente convenio.

Informar ao Concello do desenvolvemento das actividades e servizos subvencionados con cargo a este convenio, facilitando, de ser o caso, a actuación do persoal técnico do mesmo e debendo remitir anualmente ao Concello un informe detallado das actuacións levadas a cabo ao abeiro deste convenio.

Cumprir as obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, 10/12/2013) e Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, 15/02/2016). En particular, a obriga de manter actualizada na súa páxina web a información relativa á súa estrutura e organigrama, programa de actividades, contratos e convenios subscritos con Administracións Públicas e subvencións recibidas das Administracións Públicas.

SÉTIMA. - Achega do Concello.

O Excmo. Concello de Ourense, comprométese a apoiar economicamente a FAPA cunha subvención nominativa para desenvolvemento das actuacións sinaladas no presente convenio coa cantidade de 95.108,88 € con cargo a partida 200.3261.48923 “Convenio Confederación de ANPAS Públicas” do orzamento municipal en vigor RC N^o 201900049066.

A porcentaxe máxima subvencionable non superará o setenta e cinco (75%) do custo dos gastos xustificables de xestión e realización das actividades e servizos desenvolvidos. De non xustificaren o importe total previsto no convenio, e sempre e cando se tivera acadado o obxecto nel establecido, o Concello de Ourense minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificable.

As achegas previstas polo Concello de Ourense serán destinadas a sufragar os gastos tanto de persoal, gastos correntes, materiais, seguros de responsabilidade civil que inclúen ós voluntarios de FAPA... necesarios para o desenvolvemento das actividades e servizos obxecto deste convenio.

OCTAVA- Persoal e inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non ocasionará ningunha relación laboral, contractual ou doutro tipo nin dará lugar a outro tipo de contraprestación económica entrámbalas dúas institucións a excepción da citada anteriormente nin entre o Concello de Ourense e



as persoas, profesionais ou empresas, contratados libremente pola FAPA para o desenvolvemento das actividades e programas que constitúen o obxecto deste convenio. De tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir ao Concello de Ourense responsabilidade ningunha, nin solidaria nin subsidiariamente.

O Concello de Ourense poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte da FAPA das obrigas laborais e de aseguranza do persoal destinado a executar os programas e servizos obxecto deste convenio.

NOVENA.- Duración do convenio.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo os seus efectos dende o 1 de decembro de 2018 a 30 de novembro de 2019.

DÉCIMA.- Forma de pagamento.

Estarase ao disposto no establecido na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e demais normativa de desenvolvemento e da Ordenanza Xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense (BOP N° 156 do 9 de xullo de 2005).

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con calquera outro tipo de subvencións ou axudas, supere o custo total das actividades e servizos desenvolvidos con cargo a este convenio.

Ao abeiro do artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FAPA deberá comunicar ao Concello de Ourense a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, procedentes doutras Administracións Públicas, que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O pagamento dos fondos realizarase unha vez presentada a xustificación da aplicación outorgada á subvención concedida, comprensiva da seguinte documentación:

A instancia suscrita polo Presidente da Federación dirixida ao Ilmo. Sr. Alcalde-presidente do Concello de Ourense na que se solicite o pago da parte da subvención concedida.

Memoria detallada comprensiva das actividades realizadas.

Relación numerada correlativamente de todos os gastos realizadas con ocasión da actividade subvencionada con expresión mínima do provedor, concepto facturado, importe da data de pago e, se é o caso, porcentaxe imputada á xustificación da subvención. Deberá utilizarse o modelo que figura como Anexo I.

Presentación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral coa acreditación de estar paga. Deberán ser orixinais ou copias debidamente compulsadas. A acreditación do pagamento someterase as seguintes regras:

No caso de pagamento en efectivo: A factura virá asinada pola persoa responsable do cobro e selada no caso de ser unha persoa xurídica ou ben terá que vir acompañada do ticket de caixa.

Nos demais pagamentos e todos aqueles que sexan superiores a 1.000 € por provedor. Presentación de documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pago e data en que foi realizada.

Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención. En ningún caso se admitirán simples recibos e /ou tickets de caixa.

Para considerar debidamente acreditados os custos salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas así como os xustificantes correspondentes ás cotizacións á Seguridade Social.



Igualmente deberá xustificarse a retención e ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria das cantidades correspondentes ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, así como a acreditación de que se practicou a pertinente retención fiscal e liquidado o seu importe ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

A Liquidación de ingresos e gastos do programa subvencionado de acordo co Anexo II xunta ó presente convenio.

A certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Deberá achegarse coa xustificación a oferta de tres diferentes provedores para todos aqueles gastos que no conxunto do curso académico excedan dos límites cuantitativos establecidos para os contratos menores celebrados polas administracións públicas. Cando a elección entre as ofertas de servizo non recaia na proposta económica mais vantaxosa debe xustificarse expresamente nunha memoria.

Con carácter previo á xustificación da aplicación da axuda económica outorgada e sempre que as necesidades de tesourería así o xustifiquen, tendo en conta o carácter público e social así como o carácter non lucrativo da FAPA, o Concello de Ourense poderá efectuar pagamentos a conta de acordo coas seguintes regras:

En concepto de pagamento anticipado ata un máximo do 70% da cantidade subvencionada, previa petición do interesado e atendendo ás dispoñibilidades líquidas do concello de Ourense.

En concepto de pago fraccionado, ata un máximo do 90% do importe subvencionado previa presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas así como doutros documentos de valor probatorio equivalente á xustificación que se realice.

Establécese como data límite para a presentación da xustificación do importe total subvencionado o día 30 de novembro de 2019.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución.

Son causas de resolución, ademais das establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 23 da Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense, e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas os correspondentes intereses, as seguintes:

O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

A aplicación dos fondos outorgados a distintos fins dos contemplados e que motivaron a súa concesión.

A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DÉCIMO SEGUNDA.- Carácter administrativo do convenio.

O presente convenio terá carácter administrativo e exclúese do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o abeiro do disposto no seu artigo 4.1.c .

Os seus efectos rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no non previsto, aplicaráselle o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a Lei 40/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ourense. As discrepancias xurdidas acerca da interpretación do presente convenio serán resoltas polo Concello de Ourense poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control do Convenio.

Segundo a Lei 40/2015, no seu artigo 49, constituirase un comité de seguimento formado por dúas persoas, unha representante do Concello do Ourense e outra da FAPA, que realicen as funcións que reflexa dito artigo.



E, en proba de conformidade de canto antecede, os que interveñen asinan electronicamente, do que eu como oficial maior dou fe.

O Alcalde

O Presidente da Federación Provincial de
Asociacións nais e pais de alumnos de
centros públicos de Ourense FAPA

Gonzalo Pérez Jácome

José Antonio Álvarez Caride

O oficial maior

Carlos J. Fernández Fernández



Anexo I.

RELACIÓN DE GASTOS

DATA	PROVEEDOR	CONCEPTO FACTURADO	IMPORTE	Data de pago	% imputado á xustificación

O Presidente da Federación Provincial de Asociacións nais e pais de alumnos de centros públicos de Ourense FAPA

José Antonio Álvarez Caride



ANEXO II

Liquidación de ingresos e gastos do programa subvencionado

INGRESOS			GASTOS	
CONCEPTO	CUANTÍA	PROCEDENCIA	CONCEPTO	CUANTÍA

O Presidente da Federación Provincial de Asociacións nais e pais de alumnos de centros públicos de Ourense FAPA

José Antonio Álvarez Caride